

NORMATIVA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

DO COLEXIO PLURILINGÜE SAN JOSÉ-FEC

CURSO 2018-2019

Este documento é froito do traballo consensuado de todo o profesorado do centro. Está aprobado polo Consello Escolar e toda a Comunidade Educativa se compromete a respectalo e cumprilo. Estará a disposición das familias na Conserxería do Colexio e na web do Centro: www.sanjoselugo.com (pinchar no menú principal na pestana Organización e no banner Convivencia)

Esta normativa forma parte do Plan de Convivencia de centro que ten carácter dinámico e realista polo tanto, inda que temos establecida a súa revisión de xeito anual, esta poderá facerse durante o curso sempre que sexa necesario.

CONSIDERACIÓNS XERAIS PARA UN BO CLIMA DE TRABALLO, CONVIVENCIA E RESPECTO NO COLEXIO

O desenvolvemento dunha boa convivencia é condición indispensable na proposta educativa que ofrece o colexio San José-FEC.

Na Conserxería do colexio luce, en grande, o lema de Fundación Educación Católica, Institución á que pertence o noso Centro: “*Hacemos Escuela, Educamos Personas*” co que queremos remarcar a Misión do noso Centro: *Somos escolas nas que as persoas desenvolven o seu propio talento e aprenden en ambientes transformadores para descubrir o seu lugar no mundo, sempre dende a alegría do Evanxeo.*

Ó carón deste cartel, luce outro co seguinte lema: “O Colexio San José-FEC, espazo libre de violencia”. É, polo tanto, un canto, á TOLERANCIA CERO CONTRA CALQUERA TIPO DE VIOLENCIA.

Deste xeito, o desenvolvemento dunha convivencia axeitada no Centro é condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa –en especial dos alumnos- e de aquela no seu conxunto e, por conseguinte, para a consecución dos obxectivos da Identidade Institucional: prestar un servizo educativo á sociedade española.

As normas de convivencia definen, polo tanto, as características das condutas que deben promoverse para lograr:

- 1) O crecemento integral da persoa
- 2) Os fins educativos do Centro, no desenvolvemento da Identidade Institucional e o Proxecto Educativo do Centro
- 3) Un bo ambiente educativo e de relación no Centro
- 4) O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

Polo tanto, sen prexuízo do establecido no RRI e no Plan de Convivencia, son normas de convivencia:

- O respecto á integridade física e moral e a os bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas outras persoas ou institucións que se relacionan co Centro con ocasión da realización das actividades e servizos do mesmo.
- O respecto ante a diversidade e a non discriminación.
- O respecto ao ideario do Centro.
- A corrección no trato social, en especial, mediante o uso dunha linguaxe correcta, educada e respectuosa.
- O interese por desenvolver o propio traballo, o traballo cooperativo, en equipo ou función con responsabilidade.
- O respecto polo traballo e a función de todos os membros da Comunidade Educativa.
- A cooperación nas actividades educativas e de convivencia.
- A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
- O coidado no aseo e a imaxe persoal e a observancia das normas do Centro sobre esta materia.
- O cumprimento da normativa do Centro respecto á vestimenta.

- A actitude positiva ante os avisos e correccións.
- A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do Centro, conforme ó seu destino e normas de funcionamento, así coma o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do Centro.
- O respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina do Centro.
- En xeral, o cumprimento dos deberes e o respecto dos dereitos que se sinalan na lexislación vixente e no RRI do Centro referidos aos membros da Comunidade Educativa e de cada un dos seus estamentos, especialmente os derivados da Identidade Institucional e do Proxecto Educativo do Centro.

DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DIRECTA

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación que se regulan neste título II da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co Centro.
- b) Coñecer as normas establecidas polo Centro, respectalas e facelas respectar; así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas de calquera membro da Comunidade Educativa.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar co Centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou tutorandos legais.

Dereitos e deberes do alumnado

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do Centro.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- i) A ser tolerante e a actuar respectando á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; coa non discriminación; coa implicación na vida do centro e na consecución dun clima axeitado de estudo; co respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina; coa asistencia á clase; o coidado dos recursos e instalacións etc.

Dereitos e deberes do profesorado

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e paraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son **deberes** do profesorado:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e paraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

f) Deber de sixilo dos empregados públicos segundo o artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, sobre as materias clasificadas e as demais de difusión prohibida legalmente, e manter a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, o que implica non facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.

Tamén o artigo 10 da LOPD sinala que o responsable do ficheiro e os que interveñan en calquera fase do tratamento de datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto aos mesmos e ao deber de gardalos, obrigacións que subsistirán aínda despois de finalizar as súas relacións co titular do ficheiro ou, no seu caso, co seu responsable.

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

ORIENTACIÓNS BÁSICAS QUE PROMOVE O COLEXIO SAN JOSÉ-FEC CO ÁNIMO DE GARANTIR UN BO CLIMA DE CONVIVENCIA ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Por unha banda, o Centro insta ás **familias** a:

- Respetar o Ideario do Centro.
- Procurar unha adecuada relación co Centro, co fin de acadar unha maior efectividade na tarefa educativa.
- Asistir ás reunións/entrevistas ás que sexan convocados por membros do equipo directivo, o titor ou os profesores para tratar asuntos relacionados coa educación dos seus fillos.
- A adoptar as medidas necesarias para que os seus fillos cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente a clase.
- A estimular aos seus fillos/as para que leven a cabo as actividades de estudos que o colexio lles encomenda e propiciar as circunstancias que, fóra do centro, poidan facer máis efectiva a acción educativa do mesmo.
- A informar aos educadores daqueles aspectos da personalidade e circunstancias dos seus fillos que sexan relevantes para a súa formación e integración no contorno escolar, cambio de tutela, garda e custodia, e patria potestade así como comunicar calquera cambio de enderezo ou número de teléfono.
- A apoiar a acción do profesorado, especialmente, diante dos/das seus fillos/as.
- Estimularlos no cumprimento das normas de convivencia de centro como elemento que contribúe á súa formación.
- Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que o Centro estableza coa familia.
- A xustificar por escrito ou a través da Plataforma Educamos as ausencias e faltas de puntualidade dos seus fillos/as.

- A facilitar o cumprimento das obrigas dos/das seus fillos/as respecto do seu centro: puntualidade, aseo, orde...
- Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada aos alumnos menores de 18 anos que teñan que ausentarse do centro no horario escolar.
- Cumprir as obrigas que se derivan da relación contractual co Centro.
- Respetar o exercicio das competencias técnico-profesionais do persoal do Centro e a autoridade do profesorado.
- Participar nas actuacións previstas no Plan de Convivencia do Centro nos termos alí contemplados.
- Aceptar as decisións que sexan adoptadas polos órganos de goberno do Centro dentro do marco do RRI e a lexislación vixente.
- Respetar as normas de organización e convivencia do Centro nos termos que lle concernan.
- Exercitar responsablemente as facultades que lles confire a patria potestade.

Por outra, o Colexio insta aos seus **alumnos/as** a ter un comportamento digno e respectuoso dentro e fóra da aula que se reflectirá:

- na cordialidade no trato e axuda mutua, se é o caso.
- no uso de bos modais como: chamar á porta antes de entrar nas aulas ou salas e saudar as persoas que atopemos tanto dentro das mesmas coma polos corredores e escaleiras.
- en dar as grazas e en pedir o que necesitamos utilizando as formas de cortesía tipo *Por favor, Poderías...*
- na petición de desculpas no caso de que se agravie a alguén
- no uso dun vocabulario e ton de voz correcto e axeitado no transcurso das conversacións.
- no mantemento dunha actitude positiva ante os avisos e correccións,
- no respecto as pertenzas persoais dos membros da Comunidade Educativa,
- no coidado especial na utilización e conservación do material e mobiliario que o Colexio pon a disposición de todos os membros da Comunidade Educativa. Cómpre que se coide a orde e limpeza dos espazos que se usan, procurando deixalos, incluso, mellor que como os atopamos.
- a prestar atención á limpeza persoal.
- á colaboración persoal para crear e manter na clase un clima de atención e de traballo. A elo contribúe saber escoitar, pedir a palabra, non interromper, levar cada un a clase todo o material didáctico necesario, telo en orde e ser áxiles nos cambios de clase.
- á colaboración persoal para manter un clima de xogo/pasatempo agradable nos tempos de lecer e evitar accións que poidan provocar dano (non utilizar balóns de coiro ou plástico duro). Cómpre procurar non lanzar a pelota fora do patio e, se así fose, o alumno terá que llo dicir ao profesor do patio para buscar a forma de recuperala.
- a mostrar unha boa conduta no recreo á hora de adquirir produtos de alimentación.

- á reposición de calquera obxecto que por negligencia ou mal uso se rompa ou deteriore (estores, persianas, medios tecnolóxicos cos que están equipadas as aulas (proxectores, ordenadores, altofalantes...) en calquera dos espazos do Centro, suporá asumir o custe de reparación/reposición por parte del alumnado implicado ou do grupo clase. Se procede, os alumnos realizarán tarefas para cooperar na reparación do dano feito. Se non houbera posibilidade de reparación e cumprise a compra daquilo que se estragou o/a alumno/a e a súa familia ou titor/es legal/les serán os responsables de asumir o custe. Por exemplo, o custe dunha mesa para o alumnado está arredor dos 60 euros.
- o centro dispón de servizo de reprografía en branco e negro cun custe de 0,05 céntimos de euro por unha cara e 0,08 polas dúas. Na ESO os titores poderán xestionar os cartos do fondo de fotocopias. Nas materias optativas farao o profesor correspondente da materia.
- a non correr polos corredores nin baixar correndo as escaleiras. Cando se estea a baixar as escaleiras, farase de xeito correcto sen empurróns nin accións que poñan en risco aos outros compañeiros. Por iso, cando se está fóra da aula, camiñamos pola dereita para non interromper o paso. Na hora do recreo e á saída do centro, os alumnos da ESO e BAC usarán as “escaleiras vermellas” para non coincidir co alumnado de Primaria que usa as outras.
- non usar nin portar obxectos cos que se poida facer dano aos outros ou ás instalacións: chisqueiros, navallas...
- non usar vestimenta con mensaxes que atenten contra a dignidade da persoa nin portar ou colocar nas aulas ou corredores bandeiras/escudos ou mensaxes que non respecten a dignidade da persoa ou o ideario do centro.
- non fumar, beber alcohol/tomar drogas ou introducir alcohol/drogas ou outras sustancias que poñan en risco a propia saúde e a do resto da Comunidade Educativa, nas instalacións do centro.
- non introducir no Centro a persoas que non teñan relación co mesmo.

O Colexio insta a quen traballe para Fundación Educación Católica a:

- Proceder de forma coherente cos seus fins, de acordo coa súa identidade confesional e co Proxecto Educativo Institucional e o Proxecto Educativo do centro, estando obrigados a respectalos, absténdose de calquera comportamento profesional que poida danar os valores e a imaxe da institución.
- Ser responsables e prestar unha atención permanente e especial aos seus actos,: han de ser bo exemplo para os/as alumnos/as do Colexio.
- Exercer a súa función con plena conciencia de que desempeña un papel profesional e institucional.
- Gardar o deber de sigilo e confidencialidade.

Os educadores deben ser especialmente coidadosos nas súas manifestacións en actos públicos (conferencias, xornadas, etc.) e en medios de difusión xeral (blogs, webs, periódicos, etc.) de modo que non se vexa vulnerada a Identidade Institucional nin menoscabada a imaxe de FEC e do Centro.

Tamén manterán unha actitude reflexiva e crítica permanente cara a súa propia actuación educativa para garantir o seu perfeccionamento profesional permanente, estando abertos a avaliacións de desempeño co fin de mellorar a súa práctica profesional.

Ademais, manterán a obxectividade na apreciación do traballo profesional dos compañeiros amosando o debido respecto ás súas opinións, sen realizar comentarios peiorativos sobre os mesmos, e usando as vías establecidas para manifestar a disconformidade coa súa actuación (cargos directivos, órganos de goberno...)

- No ámbito da convivencia, contribuirán a manter un ambiente axeitado no proceso de ensino-aprendizaxe utilizando os cauces apropiados para resolver os conflitos que poidan xurdir, evitando todo tipo de violencia física e psicolóxica.
- Respetarán e farán respectar o NOF, colaborando cos órganos directivos, seminarios, servicios de orientación, tutorías e calquera outro servizo da Institución, de acordo con RRI do Centro.
- Garantirán un trato respectuoso coas persoas, sen discriminacións de ningún tipo e sen invadir a súa esfera de intimidade persoal física e psicolóxica. Buscarán tamén a transparencia nas súas condutas para non xerar situacións que poidan implicar o risco de ser mal interpretadas, sobre todo en situacións de interacción persoal. Coidarán a linguaxe, tanto verbal coma non verbal, sen que sexa procedente o uso dunha linguaxe vulgar ou expresións soeces. En todo caso, evitarán comentarios e xestos con connotacións sexuais.

Cómpre que as mostras de afecto se cingan á acollida, a aprobación, a comprensión, a escoita empática e o aprezo, debendo evitarse todo contacto físico ou verbal que poida prestarase a ambigüidades, malas interpretacións ou invadan a intimidade da outra persoa.

Están prohibidas as relacións sentimentais e/ou sexuais entre os educadores e o alumnado, con independencia da idade e da condición sexual.

- As comunicacións cos alumnos, pais e titores referentes a cuestións académicas e de organización do Centro desenvólvanse a través dos medios formais establecidos ao efecto, deixando constancia dos mesmos. Non establecerán nin participarán en grupos de whatsapp, comunicacións a través de redes sociais ou calquera sistema informático de comunicación persoal cos alumnos do Centro, coa única excepción da organización de actividades puntuais (viaxes e similares) e previa autorización da Dirección do Centro. Neste caso, o educador será o encargado de xestionalo, debendo clausuralo unha vez remate a actividade en cuestión.
- O persoal laboral docente non prestará servizos particulares remunerados a aqueles alumnos aos que lles imparta clase ou aos que, razoablemente, puidera chegar a impartírllela. Do mesmo xeito, os membros dos servizos de orientación non poderán derivar ao alumnado á súa propia consulta ou gabinete psicolóxico.
- Está prohibida a tenencia, tráfico, consumo ou promoción de calquera tipo de droga ou bebidas alcohólicas nas instalacións do Centro así coma nas súas

- proximidades. Non consentirán que os/as alumnos/as participen en ningunha actividade relacionada co Centro (viaxes, excursións, festas, actos académicos...) baixo os efectos das drogas ou do alcohol.
- Os traballadores respectarán a autoridade dos órganos directivos do centro e de FEC, seguindo as instrucións que desde os mesmos poidan darse, así coma colaborar no bo funcionamento dos equipos pedagóxicos, da acción titorial e da acción orientadora.
 - En todo momento, seguiranse os protocolos que se diten en materias como recollida de alumnos, prevención de emerxencias, atención a alumnos con enfermidades, acoso escolar ou calquera outra na que poidan establecerse.
 - Prohíbese a realización de actividades e celebracións sen trasfondo educativo, así como aquelas contrarias á Identidade Institucional, aquelas nas que non se poida garantir a seguridade dos participantes ou afecten negativamente á boa imaxe da FEC e/ou á do propio Centro.
 - No que se refire á vestimenta, por respecto ao resto da comunidade educativa e dignificación do posto de traballo non é adecuado o uso de calquera tipo de vestimenta que, a criterio da Dirección do Centro, poida considerarse irrespectuosa para o resto da comunidade educativa ou pouco apropiada para o desenvolvemento da actividade docente. Poderase pedir unha vestimenta determinada para ocasións específicas: actos institucionais, fotografías para orlas, excursións, actividades complementarias, etc.)
 - Respecto ao uso dos medios materiais e tecnolóxicos: non teñen finalidade de uso persoal.
 - Está prohibida a vulneración dos dereitos derivados da propiedade intelectual e industrial. Respecto aos dereitos de autor: as obras realizadas polos educadores en exercicio das súas funcións e dentro da súa actividade escolar, serán propiedade da entidade titular. Igualmente, os traballos/proxectos realizados polos alumnos no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, serán xestionados por dita entidade, sen prexuízo dos dereitos de autor que correspondan.
 - Os traballadores dos Centros FEC coñecen o Código de Conduta que ten carácter vinculante e é obrigatorio para todos.

CÓMPRE PRESTAR ATENCIÓN AOS SEGUINTE ASUNTOS:

Ausencias e retrasos

A asistencia ás clases no horario establecido e a puntualidade ao inicio das mesmas, resultan primordiais para desenvolver o traballo académico. No mesmo senso, as actividades que organice o colexio en horario escolar, son medios importantes para favorecer o rendemento escolar e a convivencia.

As ausencias reiteradas son xustificables soamente si se dan as seguintes circunstancias: motivos médicos, legais ou familiares graves. O resto das situacións entrarán dentro das faltas non xustificables, co que o centro adoptará as medidas que considere oportunas que poden desembocar na apertura do protocolo de absentismo escolar. Cómpre lembrar que a reiteración nas faltas de puntualidade,

de non se corruxir, tamén poden levar a apertura do protocolo de absentismo escolar.

En calquera caso, tanto as ausencias coma os retrasos, terán que ser debidamente xustificadas ante o/a titor/a e o profesor/a afectado/a por escrito ou por plataforma (aínda que se avise por teléfono, previamente). Polo tanto, a familia enviará por escrito o xustificante cando se incorpore o/a alumno/a. O colexio solicita a colaboración das familias neste asunto para solucionar unha situación que, no caso dalgúns alumnos adquire condición de normalidade. Esta forma de proceder rexe tamén para a asistencia ao reforzo que se imparte pola tarde fóra do horario escolar.

Por outra banda, no caso de que os alumnos/a teñan que ausentarse do Centro durante a xornada escolar, as familias deberán recollelos no colexio e firmar un parte de ausencia na Conserxería. Isto non rexe para exencións e validacións na ESO e BAC, sempre que os pais asinen un documento de asunción de responsabilidades do que aconteza a estes alumnos no horario lectivo. Os alumnos só se poden acoller a esta medida, cando a materia validada ou exenta ten horario de primeira hora ou última da mañá ou da tarde. En ningún caso os/as alumnos/as abandonarán o centro pola súa conta. De suceder, contarase coma unha falta grave.

No caso de que algún alumno non poda realizar o/s exame/s na/s data/s programada/s, por circunstancias graves ou de enfermidade (terán que ser debidamente xustificadas), a proba trasladarase ao día da incorporación do alumno/a a esa materia. Por outra banda, a non asistencia ás horas previas ou a tarde anterior (no caso dos luns) a un exame supón a perda do dereito a examinarse nesa data, a non ser que estea debidamente xustificada.

Cómpre lembrar que unha vez que se fixa un exame non é posible cambialo salvo asunto grave.

Recreo

- Durante os recreos, os alumnos permanecerán no Centro, agás os alumnos que cursen BAC quen, previa autorización das familias, poderán saír á rúa.
- Como norma xeral, os alumnos de todas as etapas educativas non poderán permanecer nas aulas no tempo de recreo salvo que conorra unha circunstancia de forza maior. En calquera caso, solicitará permiso do titor/a e, en caso de obtelo, cómpre que teñan a referencia de que un profesor vai estar pendente deles. Esta observación adquire un carácter flexible no caso do alumnado de Bacharelato.
- Non se permite o uso de patíns, monopatíns e bicicletas dentro do Colexio, agás nas actividades paraescolares.
- Se se usa balón para xogar terase en conta que non pode ser de coiro nin plástico duro e que non se pode usar fóra dos espazos habilitados para o xogo con balóns. Así mesmo, non están permitidos os lanzamentos con forza inadecuada e desmesurada.

- Non se pode usar os balóns dentro das instalacións do centro. O espazo reservado para eles no caso de alumnos da ESO e BAC é a zona da sala de profesores.
- O alumnado non poderá ausentarse do patio no tempo de recreo, salvo expresa autorización pertinente para elo.
- O alumnado de 1º a 3º da ESO non sairá ó corredor nos intercambios de clase. En todo momento estes alumnos manterán un comportamento correcto dentro da aula: respectarán o material do alumnado que non estea na aula, non se tirarán obxectos entre eles, non correrán pola aula... Se precisan ir ao baño, pedirán permiso a profesor que entra na aula.
O resto do alumnado poderá saír ó corredor manténdose na proximidade da súa aula, sempre que manteña un comportamento axeitado.
Non se poderá acceder nin abandonar as aulas antes de que soe o timbre nin se permanecerá nas mesmas ou nos corredores durante os tempos de lecer, agás que un profesor estea co alumnado (esta observación adquire carácter flexible no caso do alumnado de Bacharelato).
- Non se empregará o recreo para castigos na clase e, se o facemos, será moi ocasionalmente.
- O profesorado será áxil ao realizar o cambio de clase. O mesmo pasará na hora do recreo: os profesores que teñan garda de recreo incorporaranse o máis rápido posible ao mesmo. Un dos profesores de garda será o derradeiro en abandonar o patio.
O profesor correspondente anotará no parte de clase as saídas que, por causa grave/urxente, se produzan durante as horas lectivas rexistrando o nome do/a alumno/a, a hora á que abandona a aula e o motivo da ausencia.
No tempo de recreo, ao igual que durante os xogos/as actividades que se programen dende o centro, o alumnado amosarase respectuoso co resto de compañeiros/as e fará uso das normas de convivencia que recolle este documento.
- Se os/as alumnos/as necesitan adquirir algún alimento ou algunha bebida no espazo habilitado para elo, en todo momento farao mantendo un comportamento axeitado e respectando a quenda.
- No recreo os alumnos de BAC entrarán e sairán pola portería.
Como se trata dun espazo compartido con familias, persoal de servicios... os alumnos coidarán máis si cabe a súa actitude. En calquera caso, a portería non é un espazo de uso para estes alumnos durante o tempo de recreo. Lémbrese que han de estar na aula ás 11.55 para comezar a clase correspondente.
- Para salvagardar a seguridade persoal dos membros da Comunidade Educativa está terminantemente prohibido que os alumnos/as se colguen das canastras de baloncesto e das porterías de fútbol no patio ou polas ventás das aulas ou doutros espazos do centro en calquera momento. Incórrese en falta grave.
- Quendas de recreo:
En EP: 10.50 a 11.15 e de 13:05 a 13.25
En ESO e BAC é de 11.25 a 11.55. O timbre do patio soa ás 11.50. As clases comezan ás 11.55.

Validacións e Exencións de materias en relación cos Conservatorios de Música e Danza

- Atenderase a estas cuestións, preferentemente, no mes de outubro e tratarase cada caso de xeito individual tendo en conta a lexislación vixente. No caso dos alumnos de 2º Bacharelato cómpre o interese por continuar estudos artísticos.
- Os pais/nais/titores legais dos/das alumnos/as da ESO e BAC solicitarán a exención/validación indicando a correspondencia entre as materias afectadas e asinarán que asumen a responsabilidade do que lles ocorra a os/as seus/súas fillos/as cando non estean no Centro en horario lectivo. Isto acontecerá a primeira ou última hora da mañá ou da tarde. Fóra destes tempos, o alumnado que conorra nestas circunstancias asistirá á clase que lle corresponda.

O alumnado de Bacharelato poderá dispor dun espazo para facer traballo persoal.

Comedor

- Os nenos de Infantil e EP irán acompañados ata as instalacións.
- Os alumnos deixarán os seus abrigos nas perchas e as súas pertenzas no lugar habilitado para elas.
- Está prohibido xogar nas mesas. Estarase adecuadamente sentado e procurarase manter un ton de voz normal, sen gritar.
- Está prohibido xogar coa comida ou os utensilios.
- En todo momento, os/as usuarios/as deste servizo serán respectuosos e acatarán as indicacións do persoal responsable do comedor.
- Cómpre que as familias que non teñan contratado este servizo diariamente avisen na Conserxería do Centro que o van a usar antes das 09.15 da mañá do mesmo día que queiran que os/as seus/súas fillos/as queden a comer no Colexio. Doutro xeito non poderán ver satisfeita a súa demanda.
- Os alumnos que utilizan este servizo incorporaranse ao mesmo no momento en que abandonen as aulas. Non poderán saír do recinto escolar. Incorporaranse ás aulas ou as actividades paraescolares no horario que corresponda.
- Os alumnos que coman fóra do centro non poderán entrar ata que se abra a porta no horario de tarde.

Vestimenta

- Por respecto e educación asistiremos ao colexio aseados e cunha vestimenta axeitada discernindo entre aquela apropiada para vir a clase e aquela que requiren outros ambientes.
- Evitarase mostrar a roupa interior e, así mesmo, levar roupa excesivamente curta (pantalóns tipo short, camisetas que deixen ver o embigo...)

- Nas actividades ordinarias esíxese o uso do uniforme do colexio ata 4º ESO e o chándal os días de Educación Física.
- Non se permite estar nas instalacións do colexio con gorra, gafas de sol, a cabeza/cara cuberta...
- De ningún xeito se portarán mensaxes na vestimenta, pancartas, panfletos... que atenten contra a dignidade e a integridade da persoa.
- Non se permiten os disfraces en Entroido agás nas actividades programadas para este fin nos cursos correspondentes.

Medicamentos

- Os membros da Comunidade Educativa non poden administrar medicamentos. O Centro non é responsable das consecuencias que se poidan derivar dos medicamentos que os alumnos tomen por iniciativa propia.
- No caso de que algún alumno precise dalgún medicamento, por enfermidade crónica, a familia/titores legais avisarán ao/a titor/a do curso e tomaranse as medidas oportunas.

Uso de aparellos electrónicos

- Non se permitirá, dentro de todo o recinto escolar, o uso de ningún aparello de electrónico ou vinculados ás novas tecnoloxías (teléfonos, tablets, smartphones, smartwatches, mp3...,) salvo que exista permiso expreso do profesorado para facelo e este supervise o seu uso exclusivamente para cuestións académicas. En calquera outro momento, deberán permanecer apagados e gardados, e non se poderán utilizar.

Calquera membro da Comunidade Educativa pode retirar estes aparellos ao alumnado que os estea a usar fóra do establecido nesta normativa.

Os aparellos retirados custodiaranse no despacho da Coordinadora Xeral de Etapa (Xefe de Estudos). Esta encargárase de informar ás familias para que pasen a recollelos.

Por outra banda, non se poderá cargar ningún destes aparellos nas aulas salvo que haxa permiso expreso do profesorado ou da dirección do Centro para facelo.

- Durante o horario lectivo as familias comunicaranse cos seus fillos/as a través do teléfono do colexio. Igualmente o poden facer os/as alumnos/as en caso de necesidade.
- O centro, en ningún caso, se fai responsable das avarías, roturas, extravíos... en relación con este tipo de aparellos.
- De acordo coa LOPD sobre protección de datos persoais está totalmente prohibido facer fotos/ gravacións en calquera espazo do centro con calquera aparello, salvo permiso expreso dun profesor aos seus alumnos por cuestións académicas.
- Lembramos que respecto ao uso do teléfono móbil, no colexio, conforme a lexislación vixente, só se pode usar se o profesorado o permite por cuestións pedagóxicas. Noutros casos calquera membro da comunidade educativa poderá proceder a súa retirada que conleva entregar o aparello no despacho de

xeatura de estudos quen se porá en contacto coas familias para que se acheguen ao centro a recollelo. En calquera caso, non se entregará o teléfono antes de que termine a xornada lectiva do día: os luns é as 17.40 e o resto dos días ás 14.25.

Material escolar, mobiliario e uso dos espazos comúns

- O/a alumno/a é responsable da conservación e custodia do seu propio material e do trato axeitado das pertenzas dos/as seus/súas compañeiros/as. Cada alumno debe ter o seu material debidamente identificado. Tal como se comentou nun punto anterior esta responsabilidade suporá asumir o gasto que conleva a reparación ou a compra daquilo que se estragou.
- Se cómpre usar bata, esta ha de ser branca e sen logo algún. Identificarase co nome do alumno/a e manterase limpa. O/a profesor/a da materia dará indicacións ao respecto.
- É deber do alumno/a asistir ás clases co material que precise para desenvolver o seu traballo académico tal é como se recolle nos dereitos e deberes dos alumnos.
- O titor e os profesores de cada aula encargaranse de manter a orde, coidar a limpeza e manter un ambiente acolledor no lugar habitual de traballo. Os pupitres deben quedar ordenados, tamén as cousas dentro deles. O alumnado debe facilitar o traballo do servizo de limpeza mantendo as mesas limpas e evitando que queden papeis, cadernos, libros... polo chan. E mesmo tamén para o posible uso da aula en actividades paraescolares.
- O profesorado é o encargado de abrir e pechar as aulas, acender e apagar as luces e o ordenador da clase e subir/baixar as persianas, estores...

Entrada e Saída do centro e Puntualidade

- As portas de acceso ao Centro non se abrirán ata as 08.25.
- Está prohibido que os alumnos entren no recinto escolar antes da hora de inicio das actividades lectivas/ a entrada ao Centro
- As persoas que teñan contratado o servizo de Gardería poderán acceder á mesma pola Rúa do Merlo.
- O alumnado escolarizado de 1º a 4º de E. Primaria sairá acompañado dos titores os cales terán unha autorización firmada polos pais/nais/titores legais, á que se axuntará copia do DNI correspondente, referida á persoa que recolle estes alumnos.
- O alumnado de 5º de E. Primaria en adiante sairá do Centro pola Rúa do Merlo e os pais/nais/titores legais son os responsables da súa recollida.
- Fóra do horario lectivo non se permite a estancia nos patios do Centro máis aló do tempo necesario para entrar ou saír ou porque se vai participar nunha actividade paraescolar.
- Na EI e na EP o alumnado (ata 4º de EP) entra polo porche para subir ata a aula. 5º e 6º entran pola porta da Rúa do Merlo. O mesmo acontece na saída do centro. En todos os casos haberá persoal do Centro que supervise a entrada e a saída dos alumnos.

Nestas dúas etapas a clase comeza ás 09.00, momento en que tanto alumnos coma

profesores teñen que estar nas aulas. A hora de saída é as 14.20.

- Para ESO e BAC:

Estes alumnos/as acceden ao centro pola porta que da entrada a E Infantil. Esta ábrese en torno ás 8.25 e péchase ás 8.38, para que tanto alumnos coma profesores estean xa na aula ás 8.40, hora do comezo das clases.

O alumnado deste etapa sae ás 14.25 pola Rúa do Merlo sendo o persoal de conserxería o encargado da mesma. Esta porta péchase ás 14.40.

O luns pola tarde, os/as alumnos/as desta etapa acceden ao centro pola porta que da entrada a E Infantil. Esta ábrese ás 15.50 e péchase ás 16.00, hora do comezo das clases. Ó remate das clases, ás 17.40 os alumnos saen pola Rúa do Merlo. Péchase a porta ás 17.50. Tanto á hora de entrada como de saída é o persoal de conserxería o encargado de estar na porta.

Polo tanto, as portas de entrada e saída do centro estarán supervisadas tanto pola dirección do centro (8.30 da mañá), coma por persoal de conserxería (o resto das horas de entrada e saída).

Tres faltas de puntualidade nun mes implicará un parte de incidencias e tal como se comentou nun apartado anterior tanto as faltas de puntualidade como as ausencias reiteradas sen xustificación razoable implicarán a apertura do protocolo de absentismo escolar.

O profesorado ten que estar na aula ás 8:40 preparado para comezar a oración da mañá e dará exemplo de puntualidade.

Elección do día no lectivo por parte do Centro

A elección do día no lectivo por parte do Centro está supeditado a criterios pedagóxicos. Tendo en conta que temos estudantes de 2º de Bacharelato, preferentemente, escóllese o mes de maio para fixar este día, sempre que sexa posible.

Uso das Instalacións do Colexio Plurilingüe San José-FEC

- Non se permite o uso das instalacións do centro a persoas que non teñan relación co centro educativo.
- No caso de que o alumnado do Centro quixera usar as instalacións do mesmo fora do horario lectivo, por exemplo, no caso do tempo de reforzo educativo ou as actividades paraescolares, cómpre ter permiso do Equipo Directivo.
- As persoas encargadas da Conserxería do Centro, por unha banda, levarán rexistro do alumnado que acceda ao Centro fóra do horario lectivo: actividades paraescolares, reforzo educativo, ensaios actividades do Centro... Por outra, non custodiarán exames.

Celebracións, festas, actividades complementarias, excursións, conferencias...

A Comunidade Docente do colexio San José-FEC traballa por favorecer no centro un clima participativo, lúdico e celebrativo que axude a formar persoas, alegres, contentas, que gostan de ampliar coñecementos, tanto a nivel intelectual como visitando novos espazos para eles ou escoitando a profesionais que lles poden

aportar información e experiencia vital.

Ao longo do curso hai diferentes momentos de festa e organízanse eventos que axudan a desenvolver o punto anterior. Na programación dos mesmos, a comunidade educativa pon todo o seu empeño para que estes respondan a criterios de calidade e beleza estética. Os alumnos, como parte importante da comunidade educativa, coa súa implicación na planificación e participación dos mesmos, favorecerán que devanditos criterios sexan unha realidade. De non ser así, serán invitados a abandonar a actividade que se estea a desenvolver nese momento e informarase á familia de inmediato para que recolla ao alumno/a podendo implicar outras medidas correctoras.

Sobre a información que se entrega en man aos alumnos

- Cómpre que os/as alumnos/as entreguen á familia os documentos que se lles entregan no colexio e que se teñen que devolver algún papel firmado o fagan respectando as datas de entrega e a presentación do mesmo.
- A comunicación ás familias debe se inmediata en canto se trate de medidas correctoras. As familias han de saber en todo momento cal é a medida correctora adoptada.

Asistencia ás reunións ou petición de entrevista co profesorado do centro

- Só poderán asistir as reunións convocadas desde o Centro ou as entrevistas cos profesores/titores os/as pais/nais/titores legais do alumnado.
- O Equipo Directivo, o profesorado do Centro e o Departamento de Orientación conta cun tempo expreso para a atención as familias. Cómpre concertar a visita previa cita.
- O profesorado, membros do Equipo Directivo... rexistrarán as entrevistas coas familias utilizando un formato específico para elo. Lerán a información recollida diante das familias e firmarán o documento trala lectura do mesmo.

Chamadas de atención ao alumnado

- Calquera membro do claustro de profesores do Colexio San José- FEC, así coma os PAS, poderán facer unha chamada de atención os/as alumno/as que incumpran esta normativa.
- O profesorado amosará unha actitude activa e comprometida para garantir un clima de orde e boa convivencia en todo o recinto escolar e fará as chamadas de atención oportunas tanto nos corredores coma noutros espazos do centro aínda que non sexa profesor/a dos alumnos/as.
- En Educación Infantil o profesorado requirirá a presenza inmediata dos pais/nais/titores legais no caso de mal comportamento dos nenos.

Seguro Escolar

- Os/as alumnos/as que precisen atención médica durante a xornada escolar deberán acudir ao Hospital “Virxe dos Ollos Grandes” previa comunicación á Administración do centro.
- Desde 3º ESO (curso incluído) os alumnos farán uso do seu número da

Seguridade Social. Doutra forma nin o seguro escolar nin o centro se fará cargo do custe que xere a atención médica.

Ámbito de corrección

Deben corrrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor. Así mesmo, poderán corrrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa

Condición de Autoridade Pública do Profesorado (Artigo 11 Lei 4/2011)

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Para conseguir o cumprimento das normas de convivencia é necesario:

- a) O coñecemento das mesmas por parte de todos os membros da Comunidade Educativa. Este documento está colgado na páxina web do colexio e pódese

consultar tamén na conserxería do centro.

- b) O establecemento dun procedemento para resolver de forma máis rápida e eficaz a alteración da convivencia e a súa corrección.

1.- Na corrección dos alumnos que alteren a convivencia teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A idade, situación persoal, familiar e social do alumno.
- b) A valoración educativa da alteración.
- c) O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador, da corrección.
- d) A proporcionalidade da corrección.
- e) A forma en que a alteración afecta aos obxectivos fundamentais do Proxecto Educativo, Proxecto Curricular de Etapa e Programación Xeral Anual do Centro.

2.- En ningún caso o procedemento de corrección poderá afectar ao dereito á intimidade, a integridade física e a dignidade do alumno.

3.- Os procesos de corrección das condutas do alumnado deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellorar a convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna/o corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da Comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

4.- No caso de que o alumno/a non poida cumprir a medida correctora aplicada por causa xustificada (por enfermidade), esta trasladarase ao día seguinte da súa reincorporación ao colexio.

AULA DE CONVIVENCIA

En ESO e BAC a profesora responsable é Dna. Marisol López, os venres, ás 12:45 h

En E. Infantil e E. Primaria a profesora responsable Mónica Tojeiro, os Luns, ás 13:25 h

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia funciona segundo a lexislación vixente e os membros da Comunidade Educativa do centro poden acudir a ela, no caso de que teñan alumnos con condutas disruptivas e que poden provocar serios conflitos para o centro.

CADRO DE CORRELACIÓN DE FALTAS E MEDIDAS CORRECTORAS

A ADSCRICIÓN Ó CENTRO SUPÓN A ACEPTACIÓN, RESPECTO E CUMPRIMENTO DA SÚA NORMATIVA E DA SÚA ORGANIZACIÓN.

As condutas contrarias á convivencia clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.

A xornada escolar comeza co momento relixioso. Tódolos alumnos deben estar presentes na clase ó iniciarse este acto.

FALTAS DE DISCIPLINA	MEDIDAS CORRECTORAS
<p>SIMPLES Estas faltas refírense, fundamentalmente, ás normas básicas de convivencia</p>	<p>SIMPLES Estas faltas refírense, fundamentalmente, ás normas básicas de convivencia.</p>
<p>Formas de vestir pouco axeitadas: CHÁNDAL Utilízase o oficial do Colexio ata 4º ESO e zapatillas de cor branca. Os alumnos de 1º BAC pediráselles unha vestimenta axeitada para a materia de EF. MANDILÓN É obrigatorio para todos os alumnos de E. Infantil e ata 4º de Primaria, inclusive. VESTIMENTA HABITUAL O uniforme escolar será a vestimenta obrigatoria ata 1º ESO incorporándose o resto de cursos da ESO sucesivamente. Ademais, establecece un período indefinido de convivencia entre o uniforme antigo e o novo. As <u>medias</u> son de color AZUL KLEIN. <u>Calzado</u>: No curso 2015/16 e solo para o alumnado de nova incorporación, teranse en conta estas consideracións: *3 e 4 anos con velcro. *5 anos en adiante pode ser calquera sistema. Cor: azul marino. Deportivos: brancos. Os alumnos que non teñan uniforme vestiranse axeitada e decorosamente para a entrada no recinto escolar, prohibíndose en todo momento, gorras, sombreiros, gafas de sol e calquera outro tipo de vestimenta que cubra parcial/totalmente o rostro e a cabeza. Tamén queda prohibido levar cascos tanto na cabeza como colgados ao pescozo e aquela vestimenta que sexa ofensiva pola súa estética ou siñificado.</p>	<p>Formas de vestir pouco axeitadas: 1º: No caso de que o alumno non asista ao Centro debidamente vestido, o titor avisará á familia. E se se repite, a familia recollerá ao alumno para acudir ao Centro vestido correctamente. En Educación Infantil e Primaria os profesores avisarán aos pais ou titores legais que subsanen a falta do mandilón ou uniforme no menor tempo posible. No caso de Educación Física o procedemento será: 1º Amoestación verbal por parte do profesor de Educación Física. 2º O profesor de Educación Física notificará á familia o feito de que por segunda vez non trouxo a roupa axeitada, considerándose este feito, como falta de material para a materia. 3º Repetíndose este feito, considerarase falta leve. 4º De reincidir: falta grave.</p>
<p>Puntualidade Falta de puntualidade durante a xornada escolar e nos cambios de clase.</p>	<p>Puntualidade EN EI E EP 1.- O profesor, porase en contacto ca familia para subsanar a falta de puntualidade e pasará esta situación ao titor/a. 2.- O titor/a porase de novo en contacto ca familia para firmar un acordo de cambio de conduta, no que se compromete a que o seu fillo/a chegue puntual a clase para evitar a posible interrupción no desenvolvemento da mesma. 3.- De reincidir, o titor/a informará de novo á familia e o alumno virá unha tarde, unha hora a realizar as tarefas que lle encomende o titor/a. 4.- De persistir esta conduta, o centro entende que a familia se inhibe desta responsabilidade, co que avisará ao organismo de Servizos Sociais. EN ESO E BAC 1. Será o/a profesor/a que reciba alumnos/as impuntuais</p>

	<p>quen se poña en contacto coas familias, mediante entrevista, mensaxe telefónica ou por plataforma, para intentar solucionar a situación e anunciarlles que de seguir cos retrasos será sancionado coa medida correctora que o profesorado considere oportuna. De non atopar solución para esta incidencia, pasará esta situación ao titor/a.</p> <p>2. O titor/a entrevistarse coa familia e o/a alumno/a firmará un Compromiso de Cambio de Conduta. Tres faltas de puntualidade nun mes suporá un parte de incidencias. Este parte será considerado como unha falta leve. De non corrrixirse esta situación, a incidencia ocasionará unha falta grave e pasará á Xefatura de Estudos.</p> <p>3. Xefatura de Estudos: aplicará a sanción correspondente.</p>
<p>Comer/beber Educación Infantil: Farase nas horas do almorzo. Fóra dese momento, é o profesorado quen organiza os momentos de comida e bebida.</p> <p>Educación Primaria: O profesorado é o encargado da organización deste epígrafe, procurando que se beba solo nos cambios de clase e á volta do recreo.</p> <p>ESO e BAC Como norma xeral, non se permite comer e beber (excepto auga), dentro do recinto escolar, excepto nos patios interior e exterior nas horas do recreo, agás en situacións especiais e sempre coa autorización do profesorado. Esta norma é flexible no caso do alumnado de Bacharelato e para alumnos nos que concorran determinadas circunstancias, tales coma atoparse lesionado/a. Os restos de comida que quedan ou lixo, débense recoller e/ou limpar. Está prohibido comer chicle e pipas en todo o recinto escolar, mesmo durante as situacións especiais as que se fixo referencia no punto anterior.</p>	<p>NA ESO E BAC Se a actitude é reiterativa (3 ocasións) tratarase como falta leve.</p>
<p>Orde da aula Deixar a aula desordenada: material espallado polo chan, caixóns suxos e desordenados, papeis, libros ou outros obxectos ao solo.</p>	<p>Orde da aula NA ESO E BAC A orde das aulas é responsabilidade de todos. Cada profesor é responsable de que a aula onde imparte clase estea organizada e limpa. Se quedara desordenada ou suxa, os/as alumnos/as encontraríana de igual xeito a xornada seguinte procedendo a súa recollida nos primeiros minutos da primeira clase.</p>
<p>O uso de bos modais No caso de non os usar e causar unha falta de respecto a calquera membro da Comunidade Educativa, tanto con palabras ou xestos.</p>	<p>O uso de bos modais En E. Infantil 1º o profesorado avisará ao/a alumno/a 2º o profesorado avisará á familia e establecerá plans de traballo para evitar o problema de comportamento. 3º o profesorado anotará no seu rexistro esta incidencia como falta simple e, a partir, deste momento, mantense o protocolo habitual</p> <p>EP, ESO E BAC Establecerase diálogo/reflexión/Aula de convivencia /Firma de Acordo de Cambio de conduta sobre o feito acontecido nos casos leves. Se o/a alumno/a persiste ou a falta é grave dende o primeiro momento pode siñificar a expulsión do centro dacordo coa gravidade do feito.</p>

<p>Corredores e escaleiras Correr polos corredores e baixar correndo as escaleiras, interromper o paso nos corredores ben por estar sentado ou por concentrarse con outros alumnos e non deixar paso/abrir portas, escapar...</p>	<p>Corredores e escaleiras E INFANTIL 1º o profesorado avisará ao/a alumno/a 2º o profesorado avisará á familia 3º o profesorado anotará no seu rexistro esta incidencia como falta simple e, a partir, deste momento, mantense o protocolo habitual EP, ESO E BAC Volverase ao punto de inicio e repetirase correctamente. Se é reiterativo levará suspensión do recreo.</p>
<p>* Reiteración de faltas: En E. Infantil e E. Primaria a 3ª falta leve (9 faltas simples) suporá para o alumnado a realización de tarefas fora do horario escolar, ficar sen recreo (agás un pequeno tempo para ir ao baño e comer/beber) ou non poder realizar saídas/excursións. O alumnado destas etapas poderá ser trasladado a outra aula durante un tempo da xornada escolar, se a situación así o require. <i>Tanto profesores como PAS son competentes para chamar a atención aos alumnos ante o incumprimento das normas que aparecen neste Manual e avisarán ao titor/a para que imponha a correspondente sanción.</i> <i>As persoas competentes para imponer estas sancións son todo o profesorado do Centro, independentemente de se imparte clase na etapa ou non. O profesorado deixará rexistro escrito das incidencias que ocorran e da comunicación mantida coa familia (cando sexa por teléfono: anótase o día e hora e a mensaxe que se transmitiu.</i></p>	
<p>CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA</p>	
<p>As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixdas coas medidas correctoras e ser impostas polas persoas que se enumeran a continuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Amoestación privada ou por escrito. 1) <i>Profesor/a</i> 2) <i>Titor/a</i> 3) <i>Xefatura</i> b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos. 1) <i>Profesor/a</i> 2) <i>Titor/a</i> c) Realización de traballos específicos en horario lectivo. 1) <i>Titor/a</i> 2) <i>Xefatura</i> d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. 1) <i>Titor/a</i> 2) <i>Xefatura</i> e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. 1) <i>Xefatura</i> f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana. 1) <i>Xefatura</i> g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. 1) <i>Persoa titular da dirección do centro</i> h) Suspensión temporal de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. 1) <i>Persoa titular da dirección do centro</i> <p>Para os apdos. g) e h) rexirá que a imposición destas medidas correctoras comunicarse á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro. Ademais nestes apdos. g) e h), as persoas proxenitoras/representantes legais poderán mostrar o seu desacordo no prazo de dous días lectivos mediante escrito dirixido á dirección do centro que logo de analizar e valorar as alegacións, ratificará ou rectificará a medida correctora.</p> <p>NOTA: Os profesores teñen que informar aos titores e á Xefatura destas condutas que van ser corrixdas.</p>	
<p>FALTAS DE DISCIPLINA</p>	<p>MEDIDAS CORRECTORAS</p>
<ul style="list-style-type: none"> a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias ou as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da Comunidade Educativa, que non alcancen o grado de falta grave. b) Os actos de discriminación grave contra os membros da Comunidade Educativa por razón de nacemento, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, que non alcancen o grado de falta grave. 	<p>1º: Notificación por falta leve, con corrección. Deixarase constancia do acontecido no parte de incidencias, onde quedará reflectido a corrección: <i>Profesor</i></p> <p>2º: En caso de reincidir, información á familia e de novo deixar constancia no parte de incidencias da nova corrección: <i>Profesor</i></p> <p>3º: Pór en coñecemento do Titor, quen tomará medidas correctoras e reflexionará co alumno cumprimentando o Compromiso de Cambio de Conduta/Aula de Convivencia. O titor informará á familia deixando constancia desta reunión.</p> <p>4º: Notificación por falta grave: <i>Xefatura de Estudos</i></p>

<p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que non constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción, que non constitúan falta grave.</p> <p>e) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e escolar, que non alcancen o grado de grave.</p> <p>f) As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa ou a incitación a elas, que non alcancen o grado de falta grave.</p> <p>g) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do Centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumno ou dos demais membros da Comunidade Educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúan conduta gravemente prexudicial para a convivencia.</p>	
<p>h) As condutas que poidan impedir ou dificultar aos seus compañeiros o exercicio do dereito ao cumprimento do deber do estudo.</p> <p>i) A falta de colaboración sistemática do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo, así como no seguimento das orientacións do profesorado respecto a súa aprendizaxe.</p> <p>j) Os actos de indisciplina, incorrección ou desconsideración aos compañeiros ou cara calquera membro da Comunidade Educativa, de carácter leve.</p> <p>k) O descoido intencionado das normas básicas de hixiene, salubridade, vestimenta e convivencia. Así mesmo, o incumprimento ou mal uso do uniforme escolar, no seu caso.</p> <p>l) Permanencia, sen autorización expresa en aulas, laboratorios, talleres, corredores, salón de actos, etc. durante os recreos e fora do horario escolar oficial.</p>	<p>1º: Notificación por falta leve, con corrección. Deixarase constancia do acontecido no parte de incidencias, onde quedará reflectido a corrección: <i>Profesor</i></p> <p>2º: En caso de reincidir, información á familia e de novo deixar constancia no parte de incidencias da nova corrección: <i>Profesor</i></p> <p>3º: Pór en coñecemento do Titor, quen tomará medidas correctoras e reflexionará co alumno cumprimentando o Compromiso de Cambio de Conduta/Aula de Convivencia. O titor informará á familia deixando constancia desta reunión.</p> <p>4º: Notificación por falta grave: <i>Xefatura de Estudos</i></p>
<p>m) As faltas reiteradas de puntualidade á clase.</p> <p>Nota: Non se considerarán faltas de puntualidade aquelas que estean debidamente xustificadas polo pai, nai ou titor do alumno, para o que os xustificantes, por</p>	<p>1º: Será o/a <i>profesor/a</i> que reciba alumnos/as impuntuais quen se poña en contacto coas familias, mediante entrevista, mensaxe telefónica ou por plataforma, para intentar solucionar a situación e anunciarlles que de seguir</p>

<p>escrito, no que se fará constar o día e as horas de non puntualidade ao Centro e a causa da mesma, preferentemente, deberán ser presentados ao profesor que fixo constar a falta de puntualidade, e posteriormente ao titor (quen os custodiará, e no seu caso, lles dará o visto bo) nun prazo non superior a dous días da falta do alumno.</p>	<p>cos retrasos será sancionado coa medida correctora que o profesorado considere oportuna. 2º: O titor/a entrevistarse coa familia e o/a alumno/a quen firmará un Compromiso de Cambio de Conduta. De non corrrixirse esta situación, esta incidencia pasará a ser unha falta grave. 3º: <i>Xefatura de Estudos:</i> aplicará a sanción correspondente.</p>
<p>n) A falta de asistencia inustificada de asistencia á clase. Nota: Non se considerarán faltas de asistencia aquelas que estean debidamente xustificadas polo pai, nai ou titor do alumno, para o que os xustificantes, por escrito, no que se fará constar o día e as horas de non asistencia ao Centro e a causa da mesma, preferentemente, deberán ser presentados ao profesor que fixo constar a falta de asistencia, e posteriormente ao titor (quen os custodiará, e no seu caso, lles dará o visto bo) nun prazo non superior a dous días da falta do alumno.</p>	<p>1º: Notificación á familia: <i>Titor</i> 2ª A reincidencia provocará a perda da avaliación continua do alumno na materia/s correspondente/s, debendo someterse aos procedementos de avaliación final que estableza o Claustro de Profesores: <i>Xefatura de Estudos. Entendemos por absentismo a falta do alumno a clase sen xustificación previa ou posterior por parte dos seus pais ou titores legais, cifrada nun 10% das horas lectivas durante un mes na ESO. No caso de EP considerase absentismo a falta a clase sen xustificación 1 día por semana durante un período consecutivo dun mes: Dirección/Dpo.de Orientación</i> <i>Orientación.</i></p>
<p>o) O deterioro ou rotura leve por uso indebido das dependencias, material e documentos do Centro, ou dos obxectos ou pertenzas dos outros membros da Comunidade Educativa, sempre que sexa por actitude negligente do alumno/a.</p>	<p>O alumno está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da Comunidade Educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Ase mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou os titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente: <i>Profesor/Titor</i> <i>O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.</i></p>
<p>p) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p>	<p>Amén do que cada profesor/a teña especificado na súa programación. 1º: Notificación por falta leve, con corrección. Deixarase constancia do acontecido no parte de incidencias, onde quedará reflectido a corrección: <i>Profesor</i> 2º: En caso de reincidir, información á familia e de novo deixar constancia no parte de incidencias da nova corrección: <i>Profesor</i> 3º: Pór en coñecemento do Titor, quen tomará medidas correctoras e reflexionará co alumno cumprimentando o Compromiso de Cambio de Conduta/Aula de Convivencia. O titor informará á familia deixando constancia desta reunión. 4º: Notificación por falta grave: <i>Xefatura de Estudos</i></p>
<p>q) O incumprimento reiterado dos alumnos do seu deber a trasladar a seus pais ou titores a información relativa do seu proceso de ensinanza e aprendizaxe facilitada polo profesorado do Centro, limitando así a autoridade dos mesmos, nos niveis e etapas educativas nos que fose responsabilidade directa do alumnado, sen</p>	<p>1º: Notificación por falta leve, con corrección. Deixarase constancia do acontecido no parte de incidencias, onde quedará reflectido a corrección: <i>Profesor</i> 2º: En caso de reincidir, información á familia e de novo deixar constancia no parte de incidencias da nova corrección: <i>Profesor</i></p>

<p>detrimento da responsabilidade do profesorado na súa comunicación coas familias ou das propias familias no seu deber de estar informadas do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado.</p>	<p>3º: Pór en coñecemento do Titor, quen tomará medidas correctoras e reflexionará co alumno cumprimentando o Compromiso de Cambio de Conduta/Aula de Convivencia. O titor informará á familia deixando constancia desta reunión.</p> <p>4º: Notificación por falta grave: <i>Xefatura de Estudos</i></p>
<p>r) Prohibido o uso, sen autorización, de aparellos electrónicos no Colexio, así como a utilización de calquera dispositivo de gravación ou reprodución de imaxe, vídeo e audio de uso persoal dentro de calquera espazo do Centro (aulas, corredores, patio, escaleiras, laboratorios, biblioteca, salas de audiovisuais, etc.) durante o horario escolar, incluídos os recreos e as actividades complementarias e extraescolares (comedor, extraescolares...), salvo permiso expreso do profesor que estea con ese grupo.</p> <p>O Colexio non se responsabiliza da perda ou subtracción dos móbiles, nin de ningún outro obxecto persoal dos alumnos. Non obstante, agrádese dende o Centro, a notificación destes feitos para tomar medidas posibles ao respecto.</p>	<p>1º: Requirimento por parte de calquera profesor de distintos niveis ou etapas, ao alumno da entrega inmediata do obxecto, que será depositado polo profesorado na Xefatura de Estudos coas debidas garantías, quedando a disposición da nai ou pai ou titor legal, se o/a alumno/a fora menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder: <i>Profesor á Dirección Académica ou Xefatura de Estudos. Notificación ao titor.</i></p> <p>2º: A reiteración neste apartado supón a consideración de falta grave.</p>
<p>- <i>Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta e será compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.</i></p>	

CONDUTAS GRAVEMENTE PREJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

Estas condutas poden ser corrixiadas coas seguintes medidas correctoras:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre 4 días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por período de entre catro días lectivos a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro. (Terá carácter excepcional) Artigo 40 do Decreto 8/2015
Para a falta de disciplina apdo. b) rexerá un dos puntos subliñados.

FALTAS DE DISCIPLINA	MEDIDAS CORRECTORAS
<p>a) As agresións físicas ou psíquicas, as inurias ou as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da Comunidade Educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra os membros da Comunidade Educativa por razón de nacemento, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da Comunidade Educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar conforme ao artigo 28 da lei 4/2011, do 30 de xuño. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.</p> <p>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos: notas familiares (xustificacións, peticións de saída...),</p>	<p>A constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prejudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito. Dito documento cumprimentado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente dos feitos e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade.</p> <p>A corrección de condutas gravemente prejudiciais para a convivencia require a instrución dun procedemento corrector, que poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común e desenvolverase segundo o establecido no Decreto que desenvolve a Lei de Convivencia.</p>

- documentos escolares (boletíns, permisos de saída...), subtracción de exames...
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
 - h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e escolar.
 - i) As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa ou a incitación a elas.
 - j) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os produtos ou sustancias perigosos/as para a súa saúde ou integridade persoal dos demais membros da Comunidade Educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
 - k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
 - l) O incumprimento das sancións impostas.
 - m) A saída do recinto escolar sen a autorización expresa do Xefe de Estudos.(RRI)
 - n) Exhibir símbolos racistas que inciten á violencia, ou de emblemas que atenten contra a dignidade das persoas e os dereitos humanos: así como a manifestación de ideoloxías que preconicen o emprego da violencia, a apoloxía dos comportamentos xenófobos ou de terrorismo, e aqueles que supoñan un menoscabo da autoridade e dignidade do profesorado. (RRI)
 - o) O acoso ou violencia contra o profesorado, así como os actos prexudiciais para a súa saúde e a súa integridade persoal, por parte dalgún membro da Comunidade Educativa. (RRI)
 - p) A indución ou coacción para a comisión de faltas de calquera natureza. (RRI)
 - q) A interrupción reiterada das clases e actividades educativas. (RRI)
 - r) O deterioro grave das instalacións, recursos materiais ou documentos do Centro ou as pertenzas dos demais membros da Comunidade Educativa, así como a substracción das mesmas. (RRI)
 - s) O grave deterioro de propiedades e do materias persoal do profesorado, así como calquera outro

<p>material que facilite ou utilice o profesorado para desenvolver a súa actividade docente, causado intencionadamente polo alumnado. (RRI)</p> <p>t) O uso indebido de medios electrónicos durante as horas lectivas co fin de causar perturbación da vida académica ou causar danos ou lesionar dereitos da Comunidade Educativa. (RRI)</p> <p>u) A negativa a acudir a clase co material e equipamento necesario para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>v) A negativa a esforzarse por realizar as actividades de aprendizaxe indicadas polo profesor.</p> <p>w) Colgarse das canastras de baloncesto e das porterías de fútbol.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> - <i>Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta e será compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.</i> - <i>O alumno está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da Comunidade Educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Ase mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou os titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.</i> 	

GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo de carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dun alumno ou alumna, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

NORMATIVA PARA ALUMNOS DE BACHILLERATO

O alumnado que se matricula en bacharelato no Colexio San José- FEC de Lugo, accede a esta etapa tras concluír os seus estudos de Educación Secundaria Obrigatoria e, libremente, decide continuar a súa formación académica neste centro acollendo o ideario do mesmo con respecto e implicándose no proceso de ensino - aprendizaxe desenvolvendo:

- o interese e a motivación necesarios por ampliar o coñecemento,
- o traballo e o esforzo como medios que conducen á satisfacción no desempeño das obrigacións pertinentes,
- o desexo e a necesidade de traballar polo ben común e ao servizo do próximo , dentro e fóra do colexio, favorecendo un clima participativo e celebrativo que contaxie ganas de transformar o mundo que habitamos desde os valores que transmite o Evanxeo,
- o feito de sentirse privilexiados por estar vivos e poder formar parte dunha sociedade desenvolvida fundamentada en valores democráticos.

Trala finalización do Ensino Secundario Obrigatorio, estes alumnos e alumnas terán que conseguir, tal e como indica o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria, desenvolver as capacidades necesarias que, respecto do seu desenvolvemento persoal, lles permitiron:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
 - c) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
 - g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
 - j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
 - k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa

diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora. O Bacharelato preséntase, entón, como unha etapa que contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Utilizar con responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- j)[...] Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- n) [...] Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.

VESTIMENTA

Os alumnos de Bacharelato non levarán uniforme, pero han de vestir con indumentaria adecuada a un ambiente de aprendizaxe. Como alumnos dunha etapa na que se consolida o desenvolvemento do sentido crítico saberán diferenciar a indumentaria que corresponde ao ámbito escolar da que corresponde a outros espazos distintos á escola. A continuación reproducécese o apartado dedicado a este aspecto que recolle o NOF do colexio:

Por respecto e educación asistiremos ao colexio aseados e cunha vestimenta axeitada discernindo entre aquela apropiada para vir a clase e aquela que requiren outros ambientes.

- *Evitarase mostrar a roupa interior e, así mesmo, levar roupa excesivamente curta.*

- *Nas actividades ordinarias esíxese o uso do uniforme do colexio ata 4º ESO e o chándal os días de Educación Física (o propio do centro ata 4º ESO e roupa similar en 1º BAC).*
- *Non se permite estar nas instalacións do colexio con gorra, gafas de sol, a cabeza/cara cuberta...*
- *De ningún xeito se portarán mensaxes na vestimenta, pancartas, panfletos... que atenten contra a dignidade e a integridade da persoa. Igualmente, non se permite colocar nas aulas ou en calquera espazo do centro mensaxes, pancartas, panfletos, bandeiras, estandartes... con alusións a calquera ideoloxía agás as que aludan ao ideario do centro.*
- *Non se permiten os disfraces en Entroido agás nas actividades programadas para este fin nos cursos correspondentes.*
- *O alumnado de 2º de Bacharelato usará camisa ou blusa branca para a foto de graduación.*

ACTO DE GRADUACIÓN

A Comunidade Docente do colexio San José-FEC traballa por favorecer no centro un clima participativo, lúdico e celebrativo que axude a formar persoas, alegres, contentas, positivas, felices e que contaxien ganas de vivir e de celebrar a vida.

Ao longo do curso hai 3 momentos de festa especialmente importantes para toda a comunidade educativa: festas en honor a San José, Fundifesta e celebración da graduación dos alumnos de 2º BAC.


Na programación de devanditos actos a comunidade educativa pon todo o seu empeño para que estes respondan a criterios de calidade e beleza estética. Os alumnos, como parte importante da comunidade educativa, coa súa implicación na planificación dos mesmos, favorecerán que devanditos criterios sexan unha realidade.

MEDIDAS CORRECTORAS

Tendo en conta o anteriormente exposto e sendo conscientes de que os alumnos desta etapa atópanse nun momento de desenvolvemento persoal importante para a súa evolución persoal, utilizarase o diálogo e escóitaa como medio para liquidar os conflitos que puidesen xurdir. Sen embargo, atendendo a que se trata de alumnos que libremente escollen o noso centro e que coñecen a normativa do mesmo, invitaráselles a abandonalo en calquera momento (horario lectivo, eventos festivos, celebracións litúrxicas, acto de graduación ou actividades complementarias...) ben temporal ou definitivamente no caso de que a súa actitude sexa contraria ao aquí exposto e, polo tanto, a comunidade docente do centro así o estime.

En Lugo, setembro 2019

ANEXO CERO: PROTOCOLO XERAL ANTE O ACOSO ESCOLAR



ACORDO DE CAMBIO DE CONDUCTA

Eu _____, alumno/a do grupo _____ tiven o seguinte problema:

Reflexionei sobre a miña conduta e para que este incidente non se repita no futuro, comprométome a:

Sei que de non cumprir este compromiso e volver a involucrarme dalgún xeito en problemas semellantes, terei como sanción o que marque a normativa de organización e funcionamento e o R.R.I. segundo a gravidade da falta cometida.

Asinado/a Alumno/a

Asinado/a Titor/a:

En Lugo, a _____ de _____ de 201__

Os pais/titores legais do alumno/a _____ do curso _____

Acusamos recibo da comunicación do Contrato de Cambio de Conduta asinado por _____

Asina pai/nai/titor legal

En Lugo, a _____ de _____ de 201__

PARTE DE INCIDENCIAS

Lexislación aplicable: Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia ee participación da comunidade educativa (DOG 27-01-2015).

Datos do alumno/a		(NOME DO CENTRO EDUCATIVO)
Nome		C/ Plurilingüe San José -FEC
Apelidos		Data:
Enderezo		Hora:
Indicar sexo	<input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home	Lugar:
Curso/Grupo		

Se non fose maior de idade:

Datos do pai/nai/representantes legais	
Nome e apelidos do pai	
Nome e apelidos da nai	
Representantes legais	
Enderezo	

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN OU OMISIÓN
PERSOAS QUE PRESENCIARON A ACCIÓN OU OMISIÓN
NORMA INFRINXIDA
MEDIDA CORRECTORA
COMUNICACIÓN (titor/a, pai/nai, titor/a legal...)

..... de de

Identificación e Sinatura da persoa docente que elabore este documento:

Los datos de carácter personal facilitados en el presente formulario serán tratados por Fundación Educación Católica (responsable del tratamiento), con la finalidad de mantener sus datos actualizados. La finalidad de dicha base de datos es la de mantener y garantizar el cumplimiento de la relación contractual con el alumno y su familia, así como permitir el cumplimiento de las funciones legítimas de la entidad, sus departamentos, centros, entes colaboradores e instituciones conexas. La base legal para el tratamiento de sus datos es la ejecución de este contrato y su consentimiento expreso mediante la firma del mismo. Sus datos no serán cedidos a terceros salvo obligación legal. Fundación Educación Católica garantiza en todo momento la confidencialidad de los datos registrados mediante el presente formulario y asegura en todo momento el cumplimiento de la normativa vigente de Protección de Datos de Carácter Personal. En el caso de producirse alguna modificación de sus datos, rogamos nos lo comuniquen debidamente por escrito con la finalidad de mantener su solicitud actualizada. Se informa al interesado que puede ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidad, supresión y limitación de acuerdo con lo establecido en la legislación vigente en materia de protección de datos ante el Responsable del tratamiento, FUNDACIÓN EDUCACIÓN CATÓLICA (COLEGIO SAN JOSÉ (LUGO-FEC)) en la dirección: Travesía de Costa Brava, nº 3, 28034-Madrid o por correo electrónico a la dirección proteccionfec@colegiosfec.com.